

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de solicitudes excluídas nas bolsas para a realización de prácticas académicas externas do programa “ONCE-CRUE” dirixido ao estudantado con discapacidade no curso académico 2025/2026

De conformidade co establecido no punto 8 do anexo I da Resolución reitoral do 13 de novembro de 2025 no que se regulan as bases da convocatoria das “bolsas para a realización de prácticas académicas externas do programa “ONCE-CRUE”, unha vez rematado o prazo de presentación de alegacións e non terse presentado ningunha,

Visto o artigo 68.1 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Publicar a **listaxe definitiva de solicitudes excluídas** (anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Listaxe definitiva de solicitudes excluídas

Documento	Código
***9196*	259
*****0893	259

Código	Causa de exclusión
259	Non acreditar unha discapacidade legalmente recoñecida igual ou superior ao 33%

